



NOTA DE PRENSA

O territorio tamén estivo presente en Turexpo coa unidade móbil "Costa da Morte, un mar de vida" e un stand informativo

Máis de 30 persoas participaron no ralli fotográfico celebrado o pasado sábado na Costa da Morte dentro do Plan de Comercialización e Promoción do destino turístico

A Coruña. Luns 30 de novembro de 2009./ A Deputación da Coruña, dentro do Plan de Promoción e Comercialización do destino turístico Costa da Morte, celebrou o pasado sábado o IV Ralli Fotográfico Costa da Morte.

A pesar do mal tempo, máis de 30 personas participaron nesta carreira artística polo territorio á procura das imaxes que mellor reflexen a súa natureza esgrevia e as peculiaridades das súas xentes.

Desde primeira hora da mañá ata ao anoitecer, o grupo de expedicionarios percorreu os límites dos concellos de Camariñas (dende Santa Mariña, pasando pola praia do Trece ata cabo Vilán) e Carnota (onde se visitou a fermosa aldea de A Curra), descartando o paso por Fisterra a causa da chuvia e o vento, permanentes compañeiros de ruta durante toda a xornada, aínda que non impedimento para poder desfrutar da mutua compañía e a da natureza.

O premio á primeira mellor serie fotográfica recibirá unha fin de semana nunha casa de turismo rural para dúas persoas; e os galardóns á mellor fotografía sobre a Etnografía e Beleza da Costa da Morte, sendos agasallos.

Promoción en Turexpo

O Plan de Promoción e Comercialización do destino turístico Costa da Morte, tamén estivo presente esta fin de semana na Feira Turexpo en Silleda coa unidade móbil e o stand informativo, co fin de establecer contactos comerciais e consolidar o territorio como destino turístico.